

IDEAS COOPERATIVAS EN ACCIÓN

[Curso en modalidade teleformación]

DATAS DE REALIZACIÓN	Do 16 de Setembro ao 4 de Outubro de 2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Haberá dúas sesións virtuais de aprendizaxe, os días 17 de setembro e 2 de outubro en horario de 11:00 a 12:30 horas na plataforma de teleformación.		
LUGAR CELEBRACIÓN	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas EspazoCoop. Http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456
		e-mail	patane@espazo.coop

INSCRICIÓN [[preme aquí](#)]

OBXECTIVOS

- > Mostrar desde o punto de vista práctico as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- > Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- > Elaborar conxuntamente o prototipo do noso proxecto.
- > Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

PROGRAMA

- Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.
- Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.
- Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.
- Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

CONTIDOS

Sesión inicial.- Recepción das participantes, presentación do curso por parte da docente e unha dinámica de presentación de todas as participantes. Actividades prácticas e unha autoavaliación inicial en cooperativismo. Orientación sobre o avance nos materiais e proposta de traballo de cara a segunda sesión virtual.

Sesión intermedia.- Resolución de dúbidas e contraste dos resultados das actividades propostas pola docente. Realización de actividades e dinámicas traballando sobre os aspectos mais salientables dos contidos. Traballarase en pequenos grupos e guiarase un debate conxunto no plenario. Presentación da ferramenta Consolida_ES. Dinámica de peche e avaliación da actividade.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Proponemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Persoas emprendedoras interesadas no autoemprego cooperativo; persoas cunha idea de negocio que queren avaliar a opción cooperativa e axentes intermedios que asesoran proxectos cooperativos. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.